



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

MD85PRO01

Programación de Adestramento Auditivo

6º Curso Grao Profesional

Curso 2020-2021

Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1



Docente: José Luis Quintás Carreira





Índice

Introdución.....	3
1. Metodoloxía.....	4
2. Atención á diversidade.....	6
3. Temas transversais.....	6
3.1 Educación en valores.....	7
3.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s).....	8
4. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	9
5. Secuenciación do curso.....	9
5.1 Curso:6º de grao profesional.....	9
5.1.1 Obxectivos.....	9
5.1.2 Contidos.....	10
5.1.3 Avaliación.....	10
5.1.4 Medidas de recuperación.....	12
5.1.5 Recursos didácticos.....	13
5.1.6 Adaptación a un posible escenario de actividade lectiva semi-presencial.....	13
5.1.7 Adaptación a un posible escenario de actividade lectiva non presencial.....	14
5.1.8 Plan de reforzo e recuperación.....	14
6. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	15
7. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	15





Introdución

Contextualización

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela sitúase na cidade dende o ano 2004, cando foi construído. Depende da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, e nel impártense as materias de Grao Elemental e Grao Profesional segundo a regulación vixente dentro do marco das ensinanzas de réxime especial de música.

As familias dos alumnos que realizan estudos no centro presentan moita heteroxeneidade sociocultural; maioritariamente proceden da cidade e da contorna máis próxima, e entenden os estudos musicais como complementarios con respecto aos seus outros estudos. Pero tamén hai presenza de alumnos da contorna máis afastada, que se desprazan para vir ao centro, e que moitas veces enfocan seus estudos musicais especificamente a conseguir unha titulación profesional, ás veces enfocada a emprender estudos superiores de música. Tamén se constata a presenza de estudantes da Universidade de Santiago que buscan no Conservatorio finalizar os seus estudos profesionais de música iniciados en outros centros. Todo isto provoca un certo grao de heteroxeneidade no alumnado do Conservatorio. Isto afecta especialmente ao presente Departamento de Fundamentos, pois súas materias impártense na etapa final do Grao Profesional, dende 3º ata 6º, período que coincide co paso dos estudos da ESO aos de Bacharelato e Universidade.

Neste contexto, o Conservatorio pretende responder ás necesidades formativas da cidade e da contorna de xeito aberto e integrador, contribuíndo á formación musical e artística integral do alumnado, axudando a que desenvolva súa capacidade crítica e súa autonomía persoal, que lle poidan prepara para posibles estudos posteriores.





A materia

A música é un fenómeno perceptible a través do oído. Durante os anos de estudio actualmente un músico necesita avances constantes e rápidos no seu instrumento polo que moitas veces non temos tempo de dedicar ao oído a atención necesaria. Pasamos as horas adestrando constantemente no noso afán de mellorar a técnica, analizamos partituras para descubrir a forma, as tonalidades, o contexto histórico-estético e na maioría dos casos sufrimos sempre un déficit de percepción auditiva; do son, da afinación, da articulación, da dirección, balance, etc. A mellora do oído musical non é un fin en si mesmo senón un medio para conseguir maior autonomía como interprete.

O oído musical pódese dividir en varios apartados complementarios entre eles dos que apenas se traballan algún e por separado, o oído melódico.. e o oído rítmico, polo que os resultados son moitas veces insuficientes e pasan anos ata que o músico pouco a pouco o vai mellorando a base de práctica musical una vez que tódolos outros parámetros van dando os resultados, pero para este momento xa pasaron varios anos e probablemente de telo feito empezando polo oído a práctica e progreso terían sido mais rápidos posto que é o oído o que debe de guiar ao estudante no seu camiño cara o de músico.

Debido á consideración de materia optativa e debido a que solamente se imparte en 6º curso de grao profesional non se viu afectada pola suspensión da actividade lectiva presencial derivada da pandemia orixinada polo covid-19.

1. Metodoloxía

Basearase no aprendizaxe por descubrimento en situacións que fomenten a creatividade e autonomía dos alumnos. O aprendizaxe é un proceso persoal de cada alumno que o profesor non pode impoñer nin substituír, só estimular e facilitar de o interese do aprendiz.





A metodoloxía basearase nos seguintes principios metodolóxicos:

1. A formación personalizada.
3. A efectiva igualdade de dereito entre os sexos.
4. O desenvolvemento das capacidades creativas e do espírito crítico.
5. O fomento dos hábitos de comportamento democrático.
6. A autonomía pedagóxica.
7. A atención psicopedagóxica e a orientación educativa e profesional.
8. A metodoloxía activa.
9. A relación co entorno social, económico e cultural.

Principios metodolóxicos da Programación Didáctica.

Partir dos coñecementos previos

O ensino ten que partir da realidade dos alumnos, dos seus coñecementos previos e o seu desenvolvemento evolutivo, segundo as etapas de maduración mental nas que se atopan. Disto depende o que non existan disfuncións nos procesos de ensino aprendizaxe. Non é o profesor, coa súa propia metodoloxía, senón o alumno o que se sitúa no centro do programa educativo. É en función das súas necesidades e capacidades que se organiza todo o proceso de ensino aprendizaxe.

Favorecer a motivación do alumno

O reforzo da motivación considérase fundamental para obter o máximo nivel de implicación do alumno na súa aprendizaxe. A motivación é capaz de explicar cara a onde diriximos as nosas accións e a enerxía coa que nos empregamos na realización dunha actividade. Desexar facer algo, fai posible a súa aprendizaxe. Ao mesmo tempo, se logramos que a aprendizaxe resulte pracenteiro, tamén redundará na eficacia desta aprendizaxe. Aínda que





moitos dos factores que afectan ao grado de motivación dos alumnos son alleos á nosa capacidade de influencia, existen moitos outros de tipo intrínseco sobre os que si podemos intervir. Algúns dos factores que debemos ter en conta para desenvolver a motivación no alumno son:

- a. Establecer metas que se correspondan coas capacidades reais do alumno, aínda que con suficiente grado de novidade/dificultade como para estimular a súa curiosidade.
- b. As explicacións verbais han de transmitir con claridade o que queremos obter.
- c. Estimular o reto da auto superación, orientando a motivación cara a factores internos (orientada ao logro dun fin musical) antes que externos (premios, prestixio, éxito, etc.).
- d. Desenvolver o pracer do proceso práctico da música
- e. Ofrecer frecuentemente información achega do que o alumno realiza, utilizando reforzos positivos e negativos en función de cada situación.
- f. escoitar, ofrecendo exemplos e modelos do que se pretende obter.
- g. Axudar ao alumno a desenvolver imaxes estéticas.
- h. Fomentar a participación nas clases.

Estimular a creatividade a través do ensino da materia

Unha actitude creativa trata de atopar solucións concretas e eficaces a cada situación sen ter que acudir necesariamente a fórmulas recibidas e memorizadas de antemán

2. Atención á diversidade

No caso de alumnado con especiais necesidades de atención poderase empregar as horas de titoría, e por outra parte a atención nesta materia pode ser moi personalizada en función do alumno/a, para alumnos especialmente dotados para a materia crearanse exercicios adaptados ás súas necesidades.





3. Temas transversais

Todos os temas transversais, e especialmente os de educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos, a educación moral e cívica e a educación para a saúde (sobre todo en torno á contaminación acústica) estarán presentes ao longo do curso en todas as unidades didácticas .

3.1 Educación en valores

A través da educación transmítense os valores, grazas aos cales é posible vivir en sociedade e participar na vida democrática da mesma. A sociedade reclama da educación a preparación en hábitos de convivencia e respecto mutuo que fan posible que os nenos e nenas, así como aos mozos de ambos sexos conformen a súa propia identidade, o que lles permita construír a súa relación co medio.

A música é sen dúbida un bo instrumento educativo para alcanzar estas metas. E isto é así porque a música é a plasmación sonora dos desexos, as opinións. É a translación ao sentido, ao vivido, a aquilo que queremos expresar. É a creatividade en grado máximo. É, sen dúbida, o desenvolvemento da linguaxe e da imaxinación. É sensibilidade.

A música é arte. Unha arte pensada para ser non só escrito senón escoitado.

Os rapaces e rapazas sensibilizados coa música canalizan moitas veces as emocións a través da linguaxe sonora que lles axuda a entender o mundo e as relacións cos demais.

A educación, neste sentido, ten o deber non só de ensinar senón de producir aprendizaxe.

As composicións musicais de todas as épocas suxiren e comunican valores, desexos, emocións, beleza, preocupacións. O ensino da música é una ferramenta fundamental para a educación en valores incidindo na educación, nas relacións escolares, no papel





do profesor e dos alumnos no contexto educativo, nos métodos e estilos de aprendizaxe, etc.

3.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

As TIC's poderán ser unha ferramenta moi útil na clase de análise, tanto pola cantidade de materiais existentes, canto polo interese e atracción do alumnado por estas tecnoloxías.

Para a selección dos recursos didácticos teremos en conta os seguintes criterios:

- 1) que respondan a unha necesidade,
- 2) que faciliten o aprendizaxe,
- 3) que presenten unha información exclusiva, 4) que sexan rendibles e 5) que estimulen a creatividade.

Este ano o emprego da aula virtual do Centro vai a ter un papel moi importante para o desenvolvemento da materia especialmente en contextos de suspensión da actividade lectiva presencial. Para elo creárase unha aula na que estará matriculado todo o alumnado que curse a materia e dita aula funcionará como canle de contacto e envío de información para o alumnado.

Ao respecto do uso de móbil e/ou outros dispositivos electrónicos (tal e como establecen as NOF do Centro deberase de ter en conta o seguinte:

- Non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquera outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice, e sexa con fins didácticos.
- Non se permite o uso na aula ou fora dela de ningún programa ou aplicación informática que recopile ou faga uso de calquera dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguimento) agás CENTROSNET e a súa aplicación para dispositivos móbiles.





- Para o uso de calquera outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recopile ou faga uso de algún dato de carácter persoal ou referente ao seguimento ou avaliación do alumnado, deberase pedir autorización expresa a cada alumno ou alumna, ou aos seus titores legais, de ser o caso.
- No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do móbil ou de calquera outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á Dirección do Centro.

4. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Debido á súa característica de materia optativa non se prevén para ela ningún tipo de actividades complementarias, mais alá da asistencia a concertos e a escoita de música en vivo, ditas actividades xa son abordadas nas materias obrigatorias. Ademais debido ás excepcionais circunstancias de pandemia sanitaria non se contempla ningún tipo de actividade complementaria.

5. Secuenciación do curso

5.1 Curso:6º de grao profesional

5.1.1 Obxectivos

Os obxectivos determinados para este itinerario son:

- Entender o concepto de entoación tanto melódica como harmónica e poder empregalo na interpretación propia
- Recoñecer todo tipo de intervalos tanto melódicos coma harmónicos e progresións harmónicas
- Recoñecer auditivamente as diferentes escalas empregadas na construción musical.





- Recoñecer auditivamente tódolos acordes tríadas e cuatríadas.
- Recoñecer auditivamente as principais progresións harmónicas, cadencias, flexións tonais e modulacións.
- Empregar unha entoación harmónica correcta en todo momento atendendo ao son particular.

5.1.2 Contidos

1º Trimestre

- A entoación musical ao longo da historia.
- Entoación melódica e entoación harmónica
- escoita de melodías con distinta interválica e recoñecemento da harmonía acompañante.

2º trimestre

- escoita das diferentes escalas e comprensión do concepto de tonalidade. Recoñecemento dos distintos cambios de tonalidade
- Acordes tríadas e cuatríadas.

3º trimestre

- escoita dos diferentes recursos interpretativos segundo os diferentes instrumentos, vibrato, técnicas de articulación, etc, e a súa influencia na interpretación.
- Práctica e escoita de distintos fragmentos que inclúan combinados os elementos anteriores.





5.1.3 Avaliación

Debe garantir unha avaliación sistemática (organizada conforme a un plan preconcebido e integral) e obxectiva (baseada na harmonía entre os resultados conseguidos e os obxectivos propostos).

Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación que se seguirán neste curso divídense en:

Identificación auditiva de todo tipo de erros na entoación.

Identificación auditiva de todo tipo de intervalos tanto melódicos coma harmónicos.

Identificación de todo tipo de acordes e progresións harmónicas identificando a inversión de cada un deles.

Transcrición escrita de fragmentos melódicos, harmónicos, e pequenas pezas.

Os instrumentos a empregar para avaliar vanse a programar para cada trimestre cursado, consistindo en varios tipos de probas:

- Observación continua.
- escoita activa.

A nota media final de clase acharase realizando a media das notas tomadas polo profesor durante as clases.

Mínimos esixibles

Para que un alumno poida aprobar a materia, a nota final debe ser igual ou superior a 5.

Os mínimos esixibles para aprobar o curso consisten en:

1. PRIMEIRO TRIMESTRE

Recoñecer a través do oído dos diferentes erros que se producen na entoación.

Recoñecer a través do oído dos diferentes acordes consoantes, sétima de dominante, sétima diminuída.





SEGUNDO TRIMESTRE

Recoñecer a través do oído tódalas cadencias.

Recoñecer a través do oído dos cambios de tonalidade máis comúns.

Recoñecer a través do oído as escalas mais importantes da música tonal e modal.

TERCEIRO TRIMESTRE

Recoñecer auditivamente os diferentes recursos interpretativos

Recoñecer a través do oído as progresións básicas da música tonal.

Recoñecer a través do oído as principais flexións tonais e modulacións aos tons relativos.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Os procedementos de avaliación para esta materia consistirán no seguimento persoal do alumno, tal e como se expón nos apartados anteriores xa que se trata de un ADESTRAMENTO. As ferramentas consistirán na práctica continua na aula e no seguimento de tal práctica.

Criterios de cualificación

- Participación 20%
- escoita activa 80%

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

En esta materia non procede a ampliación de matrícula

5.1.4 Medidas de recuperación

A recuperación será un obxectivo constante pero neste caso e tratándose de unha materia optativa e de carácter práctico a ferramenta mais útil será o apoio na aula e a proposta de realización de traballos suplementarios.



Procedementos de recuperación en que a avaliación continua non é posible:

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proa cunha semana de antelación, alomenos. Será o profesor o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre. A proba consistirá nun exame que incluírá todos os contidos do curso.

Os criterios de cualificación de dita proba serán:

- Recoñecemento da entoación 20%.
- Recoñecemento interválico 40%.
- Recoñecemento harmónico 20%
- Recoñecemento dos recursos interpretativos 20%

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Probas extraordinarias de setembro

Se un alumno non supera o curso na convocatoria de xuño terá que facer a proba extraordinaria de setembro que incluírá un exercicio proposto a tal fin onde se realizará unha transcripción en partitura de un fragmento musical que conteña os elementos estudados con anterioridade. Dita proba será cualificada segundo as porcentaxes do parágrafo anterior.





5.1.5 Recursos didácticos

Bibliografía:

Este curso está baseado no libro de Clemens Kühn, **LA FORMACIÓN MUSICAL DEL OÍDO**, polo que se recomenda a tódolos alumnos a súa utilización como recurso didáctico de moita importancia.

5.1.6 Adaptación a un posible escenario de actividade lectiva semi-presencial

En función da situación sanitaria e das necesidades de organización académica derivadas da COVID-19 poderanse deseñar escenarios de semipresencialidade, cunha planificación de carácter semanal, quincenal ou mensual, potenciando as competencias dixitais do alumnado e promovendo o uso de metodoloxías e recursos propios da formación telemática. O centro, de acordo coas directrices da Consellería, poderá determinar, dentro do horario correspondente á materia, a existencia de franxas horarias que permitan que o alumnado poida realizar a formación de forma telemática, sen asistir ao centro educativo. O centro asegurarse de que as características do alumnado, e os recursos dispoñibles do alumnado e do centro permitan acollerse a esta opción formativa; neste sentido atenderase aos resultados da avaliación inicial.

Nesta situación as ferramentas telemáticas poderán apoiarse na videoconferencia e no uso da Aula virtual. As actividades educativas deseñadas neste escenario poderán terán un carácter máis práctico e potenciarán o proceso de avaliación continua. Os procedementos e instrumentos de avaliación poderanse adaptar igualmente a este escenario, se non se realizaran na franxa horaria presencial.

5.1.7 Adaptación a un posible escenario de actividade lectiva non presencial

Neste escenario seguiranse as indicacións das autoridades sanitarias e educativas.





Se as características do alumnado, e os recursos dispoñibles do alumnado e do centro o permiten, atendendo aos resultados da avaliación inicial, a actividade lectiva desenvolverase de xeito non presencial, apoiándose na videoconferencia e no uso da Aula virtual.

Se a situación non permite o desenvolvemento previsto dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, se modulará a profundidade de tratamento dos mesmos en funcións das circunstancias.

5.1.8 Plan de reforzo e recuperación

Tal como se indica nas Instrucións do 31 de xullo de 2020, os equipos docentes elaborarán plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020.

A materia presente non presenta precedente específico no currículo, polo que non hai aprendizaxes imprescindibles que sexa necesario recuperar. Bastará polo tanto considerar os coñecementos previos básicos necesarios para o traballo, que non necesariamente se atopan no curso previo de 5º de Grao Profesional. Polo tanto, o Plan de reforzo e recuperación artéllase do seguinte xeito:

1. Reforzo: repasaranse os conceptos previos necesarios a inicio de curso, e durante o desenvolvemento da materia. Calquera dúbida será aclarada polo docente, de xeito que se garanta a posesión por parte do alumno das ferramentas necesarias para desenvolver o traballo da materia.
2. Recuperación: os coñecementos previos se incorporan de xeito natural aos exercicios propios da materia, polo cal o proceso de recuperación é paralelo ao desenvolvemento da materia. Calquera déficit neste sentido poderá ser recuperado con exercicios específicos, se é o caso.





6. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Consistirán nunha avaliación continua por parte do profesor da especialidade da programación didáctica, rexistrando as posibles incidencias e variacións na mesma no caso de presentarse. Ademais nas reunións do Departamento de Fundamentos de composición levarase a cabo un seguimento da programación co mesmo fin.

7. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Nas reunións do Departamento de Fundamentos de composición acordaranse as medidas oportunas de avaliación necesarias para o correcto funcionamento do mesmo; trataranse conxuntamente co seguimento da programación.

